# 2.- EMPREGO

A ANÁLISE DESTE CAPÍTULO ESTÁ DIVIDIDA en tres grandes apartados. En primeiro lugar faise referencia á situación demográfica como elemento introductorio da situación do mercado de traballo. Os datos correspondentes á poboación obtivéronse do *"Padrón Municipal de Habitantes"* con referencia a 1 de xaneiro de 1996, a súa revisión de 1998 e a 1 de xaneiro de 2001 e 2002. Asemade tamén foron utilizadas outras dúas fontes publicadas polo Instituto Galego de Estatística, como son o *"Movemento natural da poboación"*, dos anos 2001 e 2002, e o *Censo de Poboación e Vivendas 2001*, xunto ó *Anuario social 2003*, publicado por La Caixa.

De seguido, considéranse os datos propios do mercado de traballo recollidos tanto no *Censo de Poboación e Vivendas 2001*, e que contén datos da distribución da poboación en vivendas familiares de 16 e máis anos segundo a súa relación coa actividade económica (poboación activa, poboación inactiva, poboación ocupada e parada, taxas de ocupación, de paro e actividade), como no *Informe comarcal do mercado laboral*, publicado pola Xunta de Galicia.

Posteriormente, realízase un estudio das medidas activas de emprego, facendo referencia ós programas de mellora da empregabilidade, ás actuacións para o fomento do emprego e a estabilidade laboral, ás actuacións para o desenvolvemento da economía social e do autoemprego, e finalmente ós programas de cooperación e escolas obradoiro. Para a realización deste terceiro apartado terase en conta a información recollida nas *"Medidas activas de emprego. Balance de resultados"* correspondentes ós anos 2001 e 2002.

**G.2.1.** *Pirámide de poboación en Monforte-O Barco*




Fonte: *IGE, Censos de poboación e vivendas 2001*

## Demografía

Segundo as cifras oficiais de poboación publicadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE), a poboación residente en Monforte-O Barco a 1 de xaneiro de 2002 ascendía a 94.913 persoas. Comparado co conxunto de Galicia, estas áreas funcionais acollíen en conxunto o 3,5% da poboación galega, case oito puntos porcentuais menos do que representa a súa superficie (o 11,4% do total territorial galego).

No **gráfico 2.1.** pódese observa-la pirámide de poboación correspondente á área de Monforte-O Barco, por grupos quinquenais para o ano 2001. Apréciase a estructura da poboación, onde o grupo de idade maioritario, tanto de homes como de mulleres, é o que corresponden a franxa de idade entre 65 e 69 anos, seguíndolle en importancia os de 75-79 e 70-74 no caso das mulleres e de 70-74 e 40-44 anos no caso dos homes. En xeral, a estructura por idades da poboación en Monforte-O Barco está configurando unha pirámide de poboación invertida. Asemade, cómpre salientar que a partires do quinquenio 55-59 o número de mulleres é superior ó dos homes.

Atendendo á distribución comarcal, as estructuras por idades da poboación dan como resultado unha estructura piramidal homoxénea nas tres comarcas pertencentes á provincia de Lugo e en Terra de Trives, onde os grupos de idade predominantes son os de 65-69 anos, 70-74 e 75-79 anos. Pola contra, na comarca de Valdeorras, os cinco grupos de idade con maior poboación son os que van dende os 20-24 anos ós 40-44 anos. Cómpre salientar que nas cinco comarcas, nos quinquenios de maior idade o número de mulleres é superior ó dos homes (**anexo I**).

Do **cadro 2.1.** pódese extraer unha análise da evolución da poboación nos distintos ámbitos xeográficos no período que vai dende o 1 de maio de 1996 ó 1 de xaneiro de 2002. Neste período, no conxunto das áreas funcionais consideradas redúcese a poboación en 3.332 indivi-

## 2.1. Poboación 1996-2002: principais datos

| | Padrón 1996 | | | Renovación padrón 2000 | | | Poboación 2001 | Poboación 2002 | Variación poboación 1996-2002 | Taxa incremento poboación 1996-2002 | Densidade poboación 1996 | Densidade poboación 2002(1) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Homes | Mulleres | Total | Homes | Mulleres | | | | | | |
| **Área Monforte-O Barco** | 98.245 | 48.135 | 50.110 | 96.004 | 46.819 | 49.185 | 96.749 | 94.913 | -3.332 | -3,39 | 30,4 | 29,4 |
| Chantada | 18.247 | 8.929 | 9.318 | 17.288 | 8.478 | 8.810 | 17.118 | 16.893 | -1.354 | -7,42 | 39,5 | 38,1 |
| Quiroga | 7.994 | 3.974 | 4.020 | 7.398 | 3.598 | 3.800 | 7.245 | 7.125 | -869 | -10,87 | 13,8 | 12,3 |
| Terra de Lemos | 36.691 | 17.654 | 19.037 | 36.164 | 17.310 | 18.854 | 36.089 | 35.749 | -942 | -2,57 | 40,5 | 38,0 |
| Terra de Trives | 6.582 | 3.356 | 3.226 | 6.102 | 3.068 | 3.034 | 7.171 | 5.825 | -757 | -11,50 | 15,2 | 19,5 |
| Valdeorras | 28.731 | 14.222 | 14.509 | 29.052 | 14.365 | 14.687 | 29.126 | 29.321 | 590 | 2,05 | 29,6 | 30,3 |
| **Provincia Lugo** | 370.303 | 180.550 | 189.753 | 365.619 | 177.594 | 188.025 | 364.125 | 361.782 | -8.521 | -2,30 | 37,6 | 36,7 |
| **Provincia Ourense** | 346.913 | 166.778 | 180.135 | 345.241 | 165.472 | 179.769 | 344.623 | 343.768 | -3.145 | -0,91 | 47,7 | 47,3 |
| **Galicia** | 2.742.622 | 1.320.347 | 1.422.275 | 2.731.900 | 1.312.391 | 1.419.509 | 2.732.926 | 2.737.370 | -5.252 | -0,19 | 92,7 | 92,6 |
| **Área funcional / Provincia Lugo (2)** *(%)* | 17,0 | 16,9 | 17,1 | 16,6 | 16,5 | 16,7 | 16,6 | 16,5 | | | | |
| **Área funcional / Provincia Ourense (2)** *(%)* | 10,2 | 10,5 | 9,8 | 10,2 | 10,5 | 9,9 | 10,5 | 10,2 | | | | |
| **Área funcional / Galicia** *(%)* | 3,6 | 3,6 | 3,5 | 3,5 | 3,6 | 3,5 | 3,5 | 3,5 | | | | |

(1) As densidades de poboación están calculadas segundo Poboación 2002 / Superficie (a partir do Padrón 1996)
(2) Nos pesos provinciais inclúense só as comarcas da área funcional que pertencen a cada unha das provincias
Fonte: *IGE*

duos, o que supón unha taxa de reducción do 3,4%. A reducción no volume de poboación no período sinalado é común a tódalas comarcas da área funcional, agás na comarca de Valdeorras onde se incrementa a poboación en 590 individuos. En canto á maior taxa de reducción de poboación destaca a comarca de Terra de Trives, onde no período sinalado redúcese a poboación nun 11,5%

Por outra banda, é importante salienta-las diferencias que existen entre as distintas comarcas da área funcional en canto á densidade de poboación. Tendo en conta que a densidade de poboación media de Galicia para o ano 2002 é de 92,6 hab/km$^2$ , e a das provincias de Lugo e Ourense de 36,7 hab/km$^2$ e 47,3 hab/km$^2$ respectivamente, destacan pola importancia desta variable as comarcas de Chantada e Terra de Lemos con densidades de poboación de 38,1 e 38 hab/km$^2$ respectivamente, sendo a comarca con menor densidade de poboación a de Quiroga con 12,3 hab/km$^2$. Dun xeito xeral as cinco comarcas da área están por debaixo da media de densidade de poboación de Galicia, así como tamén están por debaixo das densidades medias provinciais, agás Chantada e Terra de Lemos. No que respecta á porcentaxe de poboación que representa cada comarca dentro da área funcional, destacan Terra de Lemos e Valdeorras co 37% e o 30% da poboación total da área funcional respectivamente, e no extremo oposto Terra de Trives co 6% do total da área.

En canto á variación que se produce no total da poboación debido a factores naturais, é dicir, o **saldo vexetativo**, diferencia entre os nacementos e as defuncións, existen datos do movemento natural da poboación para os anos 2001 e 2002 no **cadro 2.2.**, onde a nota común é un maior número de defuncións que nacementos, co que estas cifras, todas elas negativas, contribúen ó descenso da poboación nas diferentes comarcas.

Igualmente pode comprobarse que no ano 2002 rexistráronse en Monforte-O Barco un total de 459 nacementos, un 5,3% máis que no ano anterior, e 1.407 defuncións, un 1,2% superior ó rexistrado en 2001, pasando o saldo vexetativo de –755 en 2001 a –748 en 2002. Comparado co conxunto de Galicia, na área obxecto de análise concéntranse o 2,4% dos nacementos galegos e o 5,0% das defuncións (2,3% e 5,0%, respectivamente, en 2001).

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 2.2.** reflicte que o número de nacementos medrou nas comarcas de Valdeorras (20 nacementos máis que en 2001), Quiroga (6) e Terra de Lemos (4 máis), descendendo nas de Chantada e terra de Trives, con 4 e 3 nacementos menos que en 2001. En relación ó número de defuncións, cómpre salienta-lo incremento rexistrado en Terra de Lemos (43 defuncións máis) e o descenso que se produce en Valdeorras, con 32 mortes menos.

Atendendo ó **cadro 2.3.**, e tendo en conta que como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello existen agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha unidade colec-

## 2.2. Movemento natural da poboación 2001-2002 (1)

| | 2001 | | | 2002 | | | 2001-02 (%) | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo | Nacementos | Defuncións | Saldo vexetativo |
| **Área Monforte-O Barco** | 436 | 1.391 | -955 | 459 | 1.407 | -948 | 5,3 | 1,2 | -0,7 |
| Chantada | 74 | 252 | -178 | 70 | 254 | -184 | -5,4 | 0,8 | 3,4 |
| Quiroga | 19 | 117 | -98 | 25 | 116 | -91 | 31,6 | -0,9 | -7,1 |
| Terra de Lemos | 152 | 552 | -400 | 156 | 595 | -439 | 2,6 | 7,8 | 9,7 |
| Terra de Trives | 26 | 93 | -67 | 23 | 97 | -74 | -11,5 | 4,3 | 10,4 |
| Valdeorras | 165 | 377 | -212 | 185 | 345 | -160 | 12,1 | -8,5 | -24,5 |
| **Provincia Lugo** | 1.895 | 4.882 | -2.987 | 1.905 | 4.836 | -2.931 | 0,5 | -0,9 | -1,9 |
| **Provincia Ourense** | 1.791 | 4.378 | -2.587 | 1.812 | 4.361 | -2.549 | 1,2 | -0,4 | -1,5 |
| **Galicia** | 19.251 | 28.011 | -8.760 | 19.216 | 28.009 | -8.793 | -0,2 | 0,0 | 0,4 |

(1) Os datos para os anos 2001 e 2002 son provisionais.
Fonte: *IGE, Movemento Natural da Poboación*

**2.3.** *Entidades singulares e colectivas de poboación 1991-2001* (1)

| | 1991 | | 2001 | | 2001-1991 | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | Entidades singulares | Entidades colectivas | Entidades singulares | Entidades colectivas | Entidades singulares | Entidades colectivas |
| | | | | | (%) | |
| **Área Monforte-O Barco** | 2.069 | 432 | 2.217 | 431 | 7,2 | -0,2 |
| Chantada | 591 | 86 | 651 | 86 | 10,2 | 0,0 |
| Quiroga | 207 | 38 | 211 | 38 | 1,9 | 0,0 |
| Terra de Lemos | 961 | 140 | 1.044 | 139 | 8,6 | -0,7 |
| Terra de Trives | 143 | 56 | 144 | 56 | 0,7 | 0,0 |
| Valdeorras | 167 | 112 | 167 | 112 | 0,0 | 0,0 |
| Provincia Lugo | 9.161 | 1.271 | 9.750 | 1.264 | 6,4 | -0,6 |
| Provincia Ourense | 3.688 | 919 | 3.676 | 916 | -0,3 | -0,3 |
| Monforte-O Barco / Provincias *(%)* | 16,1 | 19,7 | 16,5 | 19,8 | | |

(1) Segundo o Glosario terminolóxico do INE, como unidade intermedia entre a entidade singular de poboación e o concello existen, nalgunhas rexións, agrupacións de entidades singulares, (parroquias, irmandades e outras), que conforman unha entidade colectiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica

Fonte: *INE*

tiva de poboación con personalidade propia e unha orixe marcadamente histórica, existen na área funcional un total de 431 entidades colectivas de poboación, entendendo por tal o especificado anteriormente, e 2.217 entidades singulares de poboación. Comparando estas cifras coa recollidas polo Censo de 1991, constátase que no conxunto da área funcional increméntase o número de entidades singulares de poboación pasando de 2.069 en 1991 a 2.217 no ano 2001, un 7,2% máis; no que respecta ás entidades colectivas de poboación estas redúcense nun 0,2% pasando de 432 en 1991 a 431 no ano 2001. Dende un punto de vista comarcal, en tódalas comarcas da área funcional produciuse un incremento no número de entidades singulares de poboación, e no que respecta ás entidades colectivas de poboación estas manténense inalteradas en tódalas comarcas agás na comarca de Terra de Lemos, onde se pasa de 140 entidades colectivas de poboación no ano 1991 a 139 entidades no ano 2001.

Seguindo coa análise poboacional resulta de interese estudia-la dispersión ou concentración da poboación pola súa repercusión en termos socioeconómicos. Ó non existir na literatura un indicador claro deste fenómeno, e por dispoñer só de datos desagregados ata o nivel municipal, optouse por recolle-la poboación que vive en núcleos de menos de 2.000 habitantes, entre 2.000 e 5.000 habitantes, entre 5.000 e 10.000 habitantes, e de máis de 10.000 habitantes, é dicir, a poboación que, dada a estructura da área funcional de Monforte-O Barco, vive concentrada en agrupacións consideradas como significativas.

O **cadro 2.4.** reflicte os datos absolutos para o ano 1998, polo que resulta necesaria a súa comparación co volume total de poboación en cada comarca.

En primeiro lugar, a porcentaxe de poboación residente en concellos de menos de 2.000 habitantes é o 13,2% do total da poboación da área funcional. A nivel comarcal, o 41,7% da poboación da comarca de Quiroga reside en municipios de menos de 2.000 habitantes, así como o 35,9% da poboación total da comarca de

**2.4.** ***Poboación nos concellos: distribución segundo tramos de número de habitantes***

| | < 2.000 hab | 2.000 > hab > 5.000 | 5.000 > hab > 10.000 | > 10.000 hab | Total |
|---|---|---|---|---|---|
| **Comarca de Chantada** | - | 7.707 | - | 10.002 | 17.709 |
| Carballedo | - | 3.363 | - | - | 3.363 |
| Chantada | - | - | - | 10.002 | - |
| Taboada | - | 4.344 | - | - | 4.344 |
| **Comarca de Terra de Lemos** | - | 11.781 | 5.246 | 19.933 | 36.960 |
| Bóveda | - | 2.141 | - | - | 2.141 |
| Monforte | - | - | - | 19.933 | 19.933 |
| Pantón | - | 3.637 | - | - | 3.637 |
| A Pobra de Brollón | - | 2.753 | - | - | 2.753 |
| O Saviñao | - | - | 5.246 | - | 5.246 |
| Sober | - | 3.250 | - | - | 3.250 |
| **Comarca de Quiroga** | 3.198 | - | 4.458 | - | 7.656 |
| Folgoso do Caurel | 1.669 | - | - | - | 1.669 |
| Quiroga | - | - | 4.458 | - | 4.458 |
| Ribas de Sil | 1.529 | - | - | - | 1.529 |
| **Comarca de Terra de Trives** | 3.355 | 5.972 | - | - | 9.327 |
| Chandrexa de Queixa | 928 | 2.986 | - | - | 3.914 |
| Manzaneda | 1.343 | - | - | - | 1.343 |
| A Pobra de Trives | - | 2.986 | - | - | 2.986 |
| San Xoán de Río | 1.084 | - | - | - | 1.084 |
| **Comarca de Valdeorras** | 6.715 | 2.341 | 7.523 | 12.157 | 28.736 |
| O Barco | - | - | - | 12.157 | 12.157 |
| O Bolo | 1.549 | - | - | - | 1.549 |
| Carballeda | - | 2.341 | - | - | 2.341 |
| Larouco | 625 | - | - | - | 625 |
| Petín | 1.181 | - | - | - | 1.181 |
| A Rúa | - | - | 5.009 | - | 5.009 |
| Rubiá | 1.887 | - | - | - | 1.887 |
| A Veiga | 1.473 | - | - | - | 1.473 |
| Vilamartín | - | - | 2.514 | - | 2.514 |
| **Área Monforte-O Barco** | 13.268 | 27.801 | 17.227 | 42.092 | 100.388 |
| **Provincia Lugo** | 18.652 | 122.800 | 65.859 | 160.440 | 367.751 |
| **Provincia Ourense** | 59.246 | 103.461 | 36.730 | 144.733 | 344.170 |
| **Monforte-O Barco/ provincias** *(%)* | 17,0 | 12,3 | 16,8 | 13,8 | 14,1 |

Fonte: *IGE, Revisión do Padrón municipal de habitantes 1998*

Terra de Trives e o 23% da poboación da comarca de Valdeorras, fronte ás comarcas de Chantada e Terra de lemos, onde as porcentaxes de poboación nestes municipios é do 0%.

No que respecta á poboación residente en concellos entre 2.000 e 5.000 habitantes, a media da área funcional sitúase no 27,6%. A porcentaxe da comarca de Valdeorras é o 64%, a da comarca de Chantada é do 43,5%, a da comarca de Terra de Lemos é do 31,8%, e a comarca de Valdeorras ten o 8,1% da súa poboación residindo en concellos enmarcados nesta franxa de poboación, fronte á comarca de Quiroga onde a porcentaxe é do 0%.

En relación á poboación residente en concellos entre 5.000 e 10.000 habitantes, a media da área funcional está no 17,1% da poboación total. A porcentaxe de poboación residente nos concellos incluídos nesta franxa de poboación por comarcas é a seguinte, a comarca de Quiroga ten o 58% da súa poboación total nestes concellos, Valdeorras o 26% e Terra de Lemos o 14%, as dúas comarcas restantes, Chantada e Terra de Trives non teñen residentes en concellos nesta franxa de poboación.

Finalmente, a poboación residente en concellos de máis de 10.000 habitantes na área funcional, supón o 41,9% da poboación total, esta poboación está centrali-

G.2.2.




Fonte: *IGE. Renovación do Padrón municipal de habitantes de 1998*

zada en tres concellos, no de Chantada, co 56% do total de poboación da comarca, no de Monforte de Lemos, co 54% do total de poboación comarcal, e no Barco co 42% do total da poboación da comarca; neste senso só 3 dos 25 concellos que compoñen a área funcional de Monforte-O Barco teñen máis de 10.000 habitantes.

Como complemento destes datos, o **gráfico 2.2.** ven amosar dun xeito sinxelo a concentración da poboación podendo observar con claridade as características e trazos anteriormente comentados.

No que respecta ós **movementos migratorios** dentro da área funcional de Monforte-O Barco, poden distinguirse catro formas de conceptualiza-lo fenómeno migratorio: inmigración interior, inmigración exterior, emigración interior e emigración exterior. O **cadro 2.5** recolle datos a nivel municipal a excepción da emigración exterior (baixas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran como consecuencia da saída de residentes para o estranxeiro).

No que respecta á inmigración interior, é dicir, ás altas no Padrón Municipal de Habitantes que se rexistran nos concellos como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes doutros concellos do territorio español, é importante destacar o feito de que os concellos cun maior número de habitantes dentro da área funcional segundo o Padrón de 2000, son os que reciben un maior volume de inmigración interior. Segundo o volume de inmigración interior, destaca dentro da área funcional o concello de Monforte de Lemos e o de Valdeorras con 404 e 355 individuos respectivamente, o que supón, para o citado ano o 2% e o 2,8% da súa poboación total respectivamente. Sen embargo son tamén estes concellos os que presentan un maior volume de emigración exterior, é dicir, de saídas de residentes cara outros concellos; neste

**2.5.** *Movementos migratorios*

| | Inmigración interior | Inmigración exterior | Emigración interior | Saldo migratorio | Taxa migración (‰) |
|---|---|---|---|---|---|
| **Comarca de Chantada** | 192 | 48 | 239 | 1 | - |
| Carballedo | 40 | 2 | 77 | -35 | -10,81 |
| Chantada | 105 | 39 | 109 | 35 | 3,56 |
| Taboada | 47 | 7 | 53 | 1 | 0,24 |
| **Comarca de Terra de Lemos** | 654 | 127 | 693 | 88 | - |
| Bóveda | 26 | 6 | 43 | -11 | -5,37 |
| Monforte | 404 | 64 | 401 | 67 | 3,4 |
| Pantón | 49 | 13 | 82 | -20 | -5,65 |
| A Pobra de Brollón | 38 | 9 | 45 | 2 | 0,76 |
| O Saviñao | 72 | 28 | 82 | 18 | 3,53 |
| Sober | 65 | 7 | 40 | 32 | 10,28 |
| **Comarca de Quiroga** | 163 | 15 | 194 | -16 | - |
| Folgoso do Caurel | 26 | - | 47 | -21 | -13,18 |
| Quiroga | 96 | 13 | 111 | -2 | -0,46 |
| Ribas de Sil | 41 | 2 | 36 | 7 | 4,78 |
| **Comarca de Terra de Trives** | 80 | 5 | 139 | -54 | - |
| Chandrexa de Queixa (1) | - | - | - | - | - |
| Manzaneda | 17 | - | 21 | -4 | -3,16 |
| A Pobra de Trives | 42 | 3 | 83 | -38 | -13,05 |
| San Xoán de Río | 21 | 2 | 35 | -12 | -11,65 |
| **Comarca de Valdeorras** | 838 | 139 | 824 | 153 | |
| O Barco | 355 | 117 | 321 | 151 | 11,83 |
| O Bolo | 11 | 1 | 54 | -42 | -29,33 |
| Carballeda | 48 | 2 | 84 | -34 | -14,7 |
| Larouco (1) | - | - | - | - | - |
| Petín | 45 | - | 41 | 4 | 3,51 |
| A Rúa | 212 | 14 | 154 | 72 | 14,38 |
| Rubiá | 34 | 3 | 40 | -3 | -1,64 |
| A Veiga | 34 | 2 | 59 | -23 | -15,91 |
| Vilamartín | 99 | - | 71 | 28 | 11,19 |
| **Área Monforte - O Barco** | 1.927 | 334 | 2.089 | 172 | - |
| **Provincia Lugo** | 6.034 | 650 | 6.644 | 40 | 0,11 |
| **Provincia Ourense** | 8.677 | 1.993 | 9.722 | 948 | 2,77 |
| **Área Monforte-O Barco/ provincias** (%) | 13,1 | 12,6 | 12,8 | 17,4 | - |

(1) Faltan os concellos de Chandreixa de Queixa e Larouco porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.
Fonte: *La Caixa, Anuario Social*

senso os concellos de Valdeorras e Monforte de Lemos presentan saldos positivos xa que a emigración interior (321 e 401 individuos respectivamente) é menor que a inmigración interior ( 355 e 404 individuos respectivamente).

En relación á inmigración exterior –altas no Padrón Municipal de Habitantes como consecuencia da chegada de novos residentes procedentes do estranxeiro–, o conxunto da área funcional acolleu no ano 2000 a 334 novos estranxeiros, destacando a comarca de Valdeorras, onde están empadroados o 41,6% dos novos inmigrantes, seguida da comarca de Terra de Lemos co 38% do total. A nivel municipal os concellos de O Barco de Valdeorras (117 altas) Monforte de Lemos (64 altas), e Chantada (39 altas) son os que reciben un maior volume de incorporacións. En xeral, a área funcional de Monforte-O Barco recibiu no citado ano o 29,3% da poboación inmigrante total da provincia de Lugo e o 7,2% do total da provincia de Ourense, e o 2,6% do total de inmigrantes recibidos na Comunidade Autónoma no ano 2000.

Unha vez analizados estes indicadores, observamos como o saldo migratorio, é dicir, o resultado de restar ós dous tipos

**2.6.** *Poboación: distribución segundo o lugar do nacemento*

| | Nados mesmo municipio | Nados notro municipio da súa CA | Nados notras CCAA | Nados país estranxeiro |
|---|---|---|---|---|
| | | (%) | | |
| **Comarca de Chantada** | | | | |
| Carballedo | 79,5 | 16,2 | 1,2 | 3,2 |
| Chantada | 74,6 | 17,3 | 2,9 | 5,2 |
| Taboada | 75,1 | 18,7 | 2,0 | 4,2 |
| **Comarca de Terra de Lemos** | | | | |
| Bóveda | 61,5 | 31,7 | 4,3 | 2,5 |
| Monforte | 55,2 | 32,3 | 6,8 | 5,6 |
| Pantón | 80,3 | 14,0 | 2,0 | 3,7 |
| A Pobra de Brollón | 76,6 | 16,5 | 3,9 | 3,1 |
| O Saviñao | 81,8 | 12,2 | 2,1 | 3,9 |
| Sober | 83,0 | 12,0 | 2,3 | 2,6 |
| **Comarca de Quiroga** | | | | |
| Folgoso do Caurel | 94,2 | 2,6 | 2,6 | 0,7 |
| Quiroga | 68,2 | 19,9 | 6,4 | 5,5 |
| Ribas de Sil | 65,3 | 22,4 | 5,7 | 6,6 |
| **Comarca de Terra de Trives** | | | | |
| Chandrexa de Queixa (1) | - | - | - | - |
| Manzaneda | 81,0 | 12,1 | 5,5 | 1,3 |
| A Pobra de Trives | 62,7 | 28,0 | 5,6 | 3,7 |
| San Xoán de Río | 82,5 | 12,3 | 3,0 | 2,1 |
| **Comarca de Valdeorras** | | | | |
| O Barco | 49,3 | 30,8 | 10,3 | 9,5 |
| O Bolo | 84,3 | 9,1 | 2,7 | 3,9 |
| Carballeda | 70,3 | 7,4 | 6,5 | 15,8 |
| Larouco (1) | - | - | - | - |
| Petín | 61,7 | 26,3 | 7,3 | 4,7 |
| A Rúa | 45,1 | 40,0 | 7,8 | 7,1 |
| Rubiá | 76,9 | 10,0 | 9,6 | 3,6 |
| A Veiga | 86,7 | 7,3 | 3,7 | 2,3 |
| Vilamartín | 60,1 | 27,2 | 6,7 | 6,0 |
| **Provincia Lugo** | 68,1 | 24,2 | 5,2 | 2,6 |
| **Provincia Ourense** | 61,7 | 27,3 | 4,7 | 6,4 |
| **Total C. A. Galicia** | 64,2 | 27,6 | 4,5 | 3,7 |
| **Total España** | 49,7 | 28,8 | 17,9 | 3,6 |

(1) Faltan os concellos de Chandreixa de Queixa e Larouco porque na metodoloxía de La Caixa non se inclúen aqueles de menos de 1000 hab.
Fonte: *La Caixa, Anuario Social*

de inmigración (interior e exterior) a emigración interior, este saldo é positivo para o conxunto da área funcional e para as comarcas de Terra de Lemos, Chantada e Valdeorras, sendo negativo nas dúas restantes. Neste senso a comarca de Valdeorras presenta un saldo positivo de 153 individuos, a causa dos saldos migratorios positivos dos concellos de O Barco, Petín e A Rúa, que compensan os saldos migratorios negativos dos restantes concellos da comarca; a comarca de Terra de Lemos presenta un saldo positivo de 88 individuos, fundamentalmente debido ó saldo de 67 individuos do concello de Monforte de Lemos, a comarca de Chantada presenta un saldo migratorio positivo de 1 individuo a causa das incorporacións netas de 35 individuos no concello de Chantada e de un individuo no concello de Taboada que compensan as perdas no concello de Carballedo. No que respecta ás comarcas con saldo migratorio negativo, a comarca de Quiroga presenta un saldo negativo de 16 individuos, existindo saldo migratorio negativo nos tres concellos que compoñen a comarca, e a comarca de Terra de Trives presenta un saldo migratorio negativo de 54 individuos a causa do saldo migratorio negativo que presentan tódolos concellos da comarca.

Co obxecto de completa-los datos anteriores, o **cadro 2.6,** describe a distri-

bución da poboación segundo o seu lugar de nacemento.

En relación á porcentaxe de residentes nados no mesmo concello, a media galega sitúase no 64,2% da poboación, e dentro da área funcional 16 concellos dos 25 que a compoñen están por riba desa media, destacando concellos como os de Folgoso do Caurel ou a Veiga onde o 94,2% e o 86,7% da súa poboación respectivamente naceron no mesmo concello de residencia. A porcentaxe media de nados noutro municipio da súa Comunidade Autónoma para Galicia é do 27,6%, 17 dos 25 concellos que compoñen a área funcional están por debaixo desa porcentaxe media, destacando o concello de Folgoso do Caurel onde só o 2,6% da súa poboación total naceu noutro concello galego fronte a concellos como o de A Rúa onde o 40% da súa poboación naceu noutro municipio de Galicia.

En relación á porcentaxe de residentes nados noutra Comunidade Autónoma, a media para Galicia é do 4,5% da poboación total, na área funcional destacan os concellos de O Barco e Rubiá, na comarca de Valdeorras, onde o 10,3% e o 9,6% da súa poboación total respectivamente naceu noutra Comunidade Autónoma, superando en máis de 5 puntos porcentuais á media galega. Finalmente, no que respecta ós residentes nados noutro país estranxeiro, a media galega sitúase no 3,7% da poboación total, e dentro da área funcional existen 13 concellos que superan a citada media, salientando o concello de Carballeda onde o 15,8% da súa poboación total naceu nun país estranxeiro.

## Mercado de traballo

A análise do mercado de traballo realízase a partir da información recollida no *Censo de Poboación e Vivendas 2001* publicado polo IGE, así como no *Informe comarcal de mercado laboral* da Xunta de Galicia. En primeiro lugar preséntanse os datos da taxa de actividade, taxa de ocupación e poboación ocupada e taxa de paro correspondentes ó ano 2001, para posteriormente analiza-los datos do desemprego rexistrado na oficinas de emprego da Xunta de Galicia a 31 de decembro de 2001 e 2002.

### • *Actividade e ocupación*

Atendendo ós datos do Censo de Poboación e Vivendas de 2001 a poboación en vivendas familiares maior de 16 anos na área de Monforte-O Barco ascendeu a 81.979 persoas (o 3,5% do total galego), das que 42.282 persoas eran mulleres (o 3,5% da poboación galega feminina en vivendas familiares de 16 e máis anos) e 39.697 persoas son homes (o 3,6%).

A **poboación activa** na zona xeográfica obxecto de estudio ascendeu a 34.568 persoas, das que 30.544 persoas son ocupados e 4.024 son persoas desempregadas. Atendendo á distribución segundo sexos, o **cadro 2.7.** amosa que o 61,7% da poboación ocupada son homes, sendo esta porcentaxe do 51,3% no caso da poboación parada.

Tendo en conta a relación entre a poboación activa e ocupada coa poboación maior de 16 anos, así como a relación entre a poboación parada e a activa, o

**2.7.** *Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo a súa relación coa actividade económica*

| | Área Monforte - O Barco | | | | | | Lugo | Ourense | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Chantada | Terra de Lemos | Quiroga | Terra de Trives | Valdeorras | | | |
| **Poboación maior de 16 anos** | 81.979 | 14.644 | 31.316 | 6.422 | 5.161 | 24.436 | 315.444 | 297.589 | 2.335.614 |
| **Poboación Activa** | 34.568 | 6.625 | 12.380 | 2.358 | 1.992 | 11.213 | 148.758 | 129.712 | 1.160.521 |
| Pob. ocupada | 30.544 | 5.995 | 10.675 | 2.107 | 1.742 | 10.025 | 133.172 | 112.320 | 1.014.566 |
| Pob. parada | 4.024 | 630 | 1.705 | 251 | 250 | 1.188 | 15.586 | 17.392 | 145.955 |
| Na procura do 1º emprego | 856 | 134 | 393 | 60 | 42 | 227 | 3.863 | 3.689 | 32.450 |
| Xa traballou antes | 3.168 | 496 | 1.312 | 191 | 208 | 961 | 11.723 | 13.703 | 113.505 |
| **Poboación Inactiva** | 47.411 | 8.019 | 18.936 | 4.064 | 3.169 | 13.223 | 166.686 | 167.877 | 1.175.093 |
| Xubilado | 26.167 | 5.239 | 10.727 | 2.323 | 2.038 | 5.840 | 91.925 | 83.016 | 477.892 |
| Pensionista | 4.833 | 652 | 1.999 | 484 | 233 | 1.465 | 15.836 | 17.607 | 146.162 |
| Estudiante | 5.766 | 868 | 2.239 | 455 | 300 | 1.904 | 25.113 | 23.592 | 213.450 |
| Tarefas fogar | 8.924 | 977 | 3.312 | 619 | 497 | 3.519 | 28.359 | 33.385 | 278.391 |
| Outras | 1.721 | 283 | 659 | 183 | 101 | 495 | 5.453 | 10.277 | 59.198 |

Fonte: *IGE, Censo de poboación e vivendas 2001*

**cadro 2.9.** reflicte, dunha banda, que en Monforte-O Barco as tres taxas son inferiores ás rexistradas no conxunto de Galicia media. Doutra, atendendo á distribución segundo sexo, ó igual que para o conxunto de Galicia, existe unha diferencia en torno ós vinte puntos no caso das taxas de actividade e ocupación, sendo a taxa de desemprego 4,5 puntos superior na área considerada, e de 6,5 puntos na comunidade autónoma.

Os **cadros 2.8.** a **2.10.** amosan que dos 30.544 **ocupados** en Monforte–O Barco, 18.859 persoas son homes (o 61,7%) e 11.685 son mulleres (o 38,3%). Atendendo á distribución sectorial, o 50,8% dos ocupados o están no sector servicios (15.521 ocupados), fronte ó 21,1% no sector industrial (6.453 persoas), un 15,7% no subsector agrícola (4.810 persoas) e o 12,2% no sector da construcción (3.731 traballadores).

Comparado co total galego, cómpre salienta-la elevada importancia relativa do sector agrícola (15,7% fronte ós 7,5% na economía galega) e o menor peso relativo do sector servicios (58,25 en Galicia). Asemade, a ocupación no sector industrial presenta unha porcentaxe superior á galega (21,1% e 18,8%, respectivamente).

Atendendo á distribución comarcal, o devandito **cadro 2.10.** reflicte, dunha banda, a importancia do subsector agrícola na comarca de Chantada, onde o 35,7% da súa poboación ocupada (2.143 persoas) está empregada neste subsector, sendo o seu peso relativo na ocupación agrícola da área considerada neste informe, do 44,6%. Asemade, tal e como se recolle no **anexo 6**, se a análise se fai a nivel municipal, a importancia relativa dos traballadores neste subsector acada o 49,9% da ocupación en Carballedo (o 42,5% en Taboada).

Por outra, respecto á ocupación no sector industrial, a comarca de Valdeorras acolle ó 57,9% da ocupación neste sector en Monforte- O Barco (3.737 persoas ocupadas). A importancia relativa da ocupación industrial nesta comarca é do 37,3%, 16,2 puntos porcentuais superior á rexistrada no conxunto de Galicia.

A comarca de Terra de Lemos é a que acolle ó maior número de traballadores no sector servicios, con 6.275 ocupados, o que representa o 40,4% dos traballadores deste sector na área obxecto de análise. Atendendo á importancia relativo da ocupación neste sector na comarca, o **cadro 2.10.** reflicte que o 58,8% dos traballadores pertencen a este sector.

Atendendo á distribución segundo a súa situación profesional, o **cadro 2.10.** reflicte que o número total de asalariados en Monforte-O Barco ascendeu a 20.613 persoas (o 67,5% da ocupación nesta zona), o que representa o 2,7% dos asalariados galegos. Os asalariados con contrato fixo representan o 59,5% dos asalariados totais (12.256 persoas) e os temporais, un 40,5% (8.357 persoas), sendo estas porcentaxes do 63,5% e 36,5% no conxunto de Galicia.

O maior número de asalariados concéntrase nas comarcas de Valdeorras e Terra de Lemos, que acollen o 47,2%

## 2.8. *Poboación de 16 e máis anos en vivendas familiares 2001: distribución segundo sexo e a súa relación coa actividade económica*

### Homes

| | Área Monforte - O Barco | | | | | | Lugo | Ourense | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | Total | Chantada | Terra de Lemos | Quiroga | Terra de Trives | Valdeorras | | | |
| **Poboación maior de 16 anos** | 39.697 | 7.066 | 14.878 | 3.127 | 2.599 | 12.027 | 152.188 | 141.586 | 1.112.041 |
| **Poboación Activa** | 20.923 | 3.739 | 7.266 | 1.477 | 1.293 | 7.148 | 86.612 | 76.710 | 681.501 |
| **Pob. ocupada** | 18.859 | 3.381 | 6.414 | 1.361 | 1.124 | 6.579 | 79.130 | 67.955 | 614.324 |
| **Pob. parada** | 2.064 | 358 | 852 | 116 | 169 | 569 | 7.482 | 8.755 | 67.177 |
| **Na procura do 1º emprego** | 309 | 55 | 129 | 18 | 18 | 89 | 1.450 | 1.488 | 12.092 |
| **Xa traballou antes** | 1.755 | 303 | 723 | 98 | 151 | 480 | 6.032 | 7.267 | 55.085 |
| **Poboación Inactiva** | 18.774 | 3.327 | 7.612 | 1.650 | 1.306 | 4.879 | 65.576 | 64.876 | 430.540 |
| **Xubilado** | 13.688 | 2.530 | 5.680 | 1.245 | 1.006 | 3.227 | 45.877 | 42.383 | 259.526 |
| **Pensionista** | 1.433 | 246 | 510 | 126 | 92 | 459 | 5.199 | 5.542 | 40.362 |
| **Estudiante** | 2.494 | 356 | 958 | 170 | 139 | 871 | 10.985 | 10.615 | 95.773 |
| **Tarefas fogar** | 253 | 44 | 93 | 18 | 18 | 80 | 702 | 900 | 5.737 |
| **Outras** | 906 | 151 | 371 | 91 | 51 | 242 | 2.813 | 5.436 | 29.142 |

### Mulleres

| | Área Monforte - O Barco | | | | | | Lugo | Ourense | Galicia |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
